

PEDRAS E MÁIS PEDRAS

A de Muxía é a pedra que máis fama ten pero O Salnés tamén garda a súa pedra de abalar. Está en Paradela, en Meis, e é tan poderosa como descoñecida. Practicamente só os veciños de lugar coñecen a súa existencia. Non é a única espectacular, o Con dos Mouros, situado a só uns metros da praia fluvial que Mariano Rajoy fixera famosa, impresiona, tanto polo seu tamaño como polas súas formas.

Non é fácil chegar ata a pedra abaladoira. Hai que internarse por algunhas pistas de terra, pero alí está, a un dos lados. Polo menos non hai que penetrar no monte. Enorme e instalada sobre dúas rochas máis pequenas, que fan de base e permiten o milagre. Toca probar se é verdade que a pedra se move. O primeiro intento, con tres persoas empuxando á vez, é en balde. "Lenda frustrada- pensamos- a pedra non abala". Pero hai quen insiste e, de súpeto, é verdade, abanea. Ao principio, con pouca intensidade. Logo, unha vez collido o truco, máis rapidamente e con máis facilidade. A rocha, como tantas outras cousas na vida, ten o seu punto, e hai que saber atopalo para ter éxito. Parece, de todos os xeitos, como oxidada pola falta de uso. Hai quen lembra que na súa nenez se abaneaba cun só dedo.

O trono e as caras que podemos ver no outro lugar de Paradela, O Con dos Mouros, é espectacular, tanto polo seu tamaño, supera os dez metros de altura, como polas súas formas, ten un pequeno trono e varias caras situadas enfronte, como pola súa lenda: din que garda un tesouro baixo a súa base. Imposible comprobar isto último. A pedra abaladoira móvese cunha soa man, o Con dos Mouros, nin con todo un exército. Non é fácil chegar á pedra da lenda e é unha pena porque a paraxe é espectacular. Hai que adentrarse uns metros no bosque e subir unha pequena costa para rodear outro formación rochosa de gran tamaño, pero que semella pequena fronte a que aparece a continuación. Sobre unha base descomunal elévase unha pedra de moitas toneladas de peso que o paso dos anos foi modelando ata convertela nunha preciosa escultura.

A zona, en realidade, está infestada de grandes rochas. Aínda habería unha máis, polo menos unha máis, de especial interese. Contan os veciños de Paradela que nela estaban cravadas dous argolas que se utilizaban para atar nelas a persoas antes de sacar o látego para azoutalas. Contan tamén que alguén conseguiu desencravalas. É outro dos misterios dunha zona de milagres que garda moitos segredos.



A PEDRA DE SAN LOURENZO

Cando eu cheguei a San Lourenzo, no ano 1992 os nenos e nenas coñecían moitas historias, falaban cos avós e aprendían ditos, poesías, cancións e contos. Rocío, unha nena de cinco anos, tiña e ten a sorte de ter unha avoa que lle transmitía todo o seu saber. Esta historia contoume a min a nena cando eu era a súa mestra:

Unha das lendas menos coñecidas e máis fermosas de Meis , é a da **Pedra de San Lourenzo**, ubicada en Renda, no lugar de Ai, parroquia de San Lourenzo de Nogueira. Emprazada á beira dun camiño de terra que dá paso a unhas veigas, a uns 100 metros do camposanto. Dise que fai moitos, moitos anos, o mar chegaba ata alí, e foi nese lugar onde arribou o San Lourenzo nunha barca. Cando chegou a terra amarrou a súa lancha a esa pedra que ten forma de bolardo de amarre. Din que a quixeron mover do sitio porque molestaba para labrar as leiras pero todos aqueles que o intentaron acabaron enfermado

O día de San Lourenzo antes de saír o sol, se che cadra pasar preto dela, poderás ver brillar brasas ao seu redor.

Nota: A pedra está catalogada no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos en Patrimonio. Ten nove cazoletas na parte superior.





PEDRA
ABALADOIRA



CON DOS MOUROS

PEDRA DE SAN
LORENZO



PETRÓGLIFO
OUTEIRO DO CRIBO



1-Pregunta aos teus pais, avós, veciños..se coñecen algunha historia ou lenda da vosa zona, unha casa encantada,a visita da santa compañía, unha rocha con poderes, unha moura, unha pedra, uns feitos misteriosos, unha aparición, un mal de ollo...(non vale a de San Ero). Fai unha gravación de audio e envíamala ao gmail, indicando no asunto PEDRAS E MÁIS PEDRAS

2- Se non coñeces ningunha lenda nin historia, podes pasar ao plan B.

Contesta ás seguintes preguntas:

- a) Que é unha pedra abaladoira?
- b) Cal é a de máis fama?
- c) A pedra abaladoira de Meis en que parroquia está situada?

d) É fácil chegar a ela?

e) Que é o que permite que esta pedra abale?

f) Cantas persoas empuxamos?

g) Moveuse á primeira?

h) Que quere dicir que a rocha ten o seu punto e hai que atopalo?

i) Por que pensas que tarda en moverse?

Que é un "con"?

j) Como se chama o de Paradela?

k) Coñécelo?

l) No texto fálase dunha tereceira rocha, cal é a súa peculiaridade?

